



PROBA DINAMIZADOR CASA DA CULTURA (CONCELLO DE SARRIA)

1. A organización territorial do Estado queda regulada no:

- a) Título VI da CE.
- b) Título VII da CE.
- c) **Título VIII da CE.**
- d) Título IX da CE.

2. Segundo a Constitución Española, o domicilio é:

- a) Inviolable, en todos os casos.
- b) **Inviolable, sen que poida facerse entrada ou rexistro nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.**
- c) Violable, posto que pode facerse entrada ou rexistro nel con consentimento do titular ou cunha resolución administrativa.
- d) Violable, posto que pode facerse entrada ou rexistro nel con consentimento da Administración correspondente ou por resolución xudicial.

3. Segundo a Constitución Española, e en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou elementos terroristas, poderase suspender para determinadas persoas:

- a) A liberdade de residencia e circulación.
- b) A liberdade de expresión e información.
- c) O dereito de reunión e manifestación.
- d) **O prazo establecido para a posta a disposición do detido ante a Autoridade Xudicial ou en liberdade.**

4. Que tipo de reforma constitucional require a aprobación por maioría de dous terzos de cada Cámara e a disolución inmediata das Cortes para a posterior aprobación da reforma polas novas Cámaras e a súa ratificación en referendo?

- a) A revisión parcial da Constitución, cando afecte ao Título I, II ou III da CE.
- b) A revisión parcial da Constitución, cando afecte ao Título Preliminar, á Sección primeira do Capítulo segundo do Título I, ou ao Título III da CE.
- c) A revisión parcial da Constitución, cando afecte aos dereitos do Título Preliminar, á Sección primeira do Capítulo segundo do Título II, ou ao Título III da CE.
- d) **Ningunha das anteriores.**

5. Como se estrutura o Estatuto da Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) Nun Título Preliminar, cinco títulos e 7 disposicións adicionais.
- b) Nun Título Preliminar, cinco títulos, 7 disposicións adicionais e 4 disposicións transitorias.
- c) Nun Título Preliminar, cinco títulos e 4 disposicións transitorias.
- d) **Nun Título Preliminar, cinco títulos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.**

6. Os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos dunha mesma Corporación Local resolveranse:

- a) Pola Xunta de Goberno Local.
- b) Polo Presidente da Corporación, cando se trate de conflitos que afecten a órganos colexiados ou membros destes.
- c) Polo Pleno, no resto dos supostos.
- d) **Ningunha das respostas é correcta.**

7. Corresponde ao Alcalde:

- a) **A concertación de operacións de crédito.**
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

8. Son periféricos de saída

- a) O monitor, cámara web, e impresora.
- b) O monitor, impresora e o escáner.
- c) **O monitor, impresora, e altosfalantes.**
- d) O monitor, a memoria e a pantalla.

9. Que é un periférico de entrada?

- a) Un dispositivo que se conecta ao computador.
- b) **Un dispositivo que me permite ingresar información ao computador.**
- c) Un dispositivo que me permite sacar información do computador.
- d) Almacena a información.

10. Son periféricos do computador.

- a) A CPU e a cámara web.
- b) O monitor, a memoria e escáner.
- c) **O teclado, escáner, cámara web e mouse.**
- d) Todos os anteriores.

11. É unha aplicación que opera a través de Internet, interpretando a información de arquivos e sitios web para que estes poidan ser lidos.

- a) Buscador web
- b) Páxina web.
- b) Internet.
- c) **Navegador web.**

12. É o nome que recibe a dirección dunha páxina web.

- a) **URL.**
- b) Navegadores.
- c) Páxina web.
- d) HTML.

13. É aquel que lle permite ao usuario atopar información en diferentes categorías con só escribir o que o usuario desexa.

- a) Navegadores.
- b) **Buscadores.**
- c) Ligazóns.
- d) Internet.

14. Que é a rede CeMIT?

- a) Un navegador web.
- b) Un programa para videoconferencia.
- c) **A Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica.**
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

15. As faltas disciplinarias moi graves prescriben:

- a) Ao ano.
- b) Aos 3 anos.**
- c) Aos 5 anos.
- d) Non prescriben mentres non se extinga a condición de persoal funcionario de carreira.

16. Os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante:

- a) Sen necesidade de acreditar a representación.
- b) Entendéndose con aquel salvo manifestación expresa en contra.**
- c) Só nos casos taxados na lei.
- d) Todas as respostas son correctas.

17. Cando se iniciarán de oficio os procedementos?

- a) Por denuncia.
- b) Por acordo do órgano competente.
- c) Por petición razoada doutros órganos.
- d) Todas as respostas son correctas.**

18. Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

- a) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- b) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Todas as respostas son correctas.**

19. Salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor, os informes serán emitidos no prazo de:

- a) Dez días.**
- b) Quince días.
- c) Vinte días.
- d) Un mes.

20. Cal é a forma de terminación normal do procedemento?

- a) A terminación convencional.
- b) O silencio administrativo.
- c) A resolución.**
- d) A renuncia ao dereito na que se funde a solicitude.

21. Cando se desiste abandónase:

- a) Un dereito.
- b) Unha pretensión.**
- c) Un acto administrativo.
- d) Todas as respostas son correctas.

22. Que actividades serían máis axeitadas para a animación infantil e xuvenil no ocio ou no tempo libre?

- a) Actividades lúdicas-recreativas.
- b) Actividades varias segundo a duración no tempo, o tratamento metodolóxico empregado, o espazo utilizado para desenvolver as actividades e segundo a finalidade das actividades.**
- c) Actividades deportivas e educativas.
- d) Actividades culturais e artísticas.

23. Para a elaboración dun proxecto de promoción da participación e da convivencia dos maiores sería necesario:

- a) Planificación e execución.
- b) Fundamentación e análise ou diagnose da realidade concreta.
- c) Avaliación e conclusións do traballo realizado.
- d) Todas elas na orde correcta.**

24. Os actos administrativos serán obxecto de publicación cando:

- a) Cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano competente.**
- b) Sempre.
- c) Non é necesario en ningún caso.
- d) Só nos procesos de selección de persoal.

25. A Constitución, no artigo 140, garante a autonomía dos municipios e...

- a) Gozarán de personalidade xurídica plena.
- b) O seu goberno e administración corresponde aos concellos, integrados por Alcaldes e Concelleiros.
- c) Os concelleiros elixíranse polos veciños do municipio mediante sufraxio universal e os Alcaldes serán elixidos polos concelleiros e polos veciños.
- d) Todas as respostas son correctas.**

26. A Xunta de Goberno Local existe:

- a) En todos os municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes.
- b) En todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno.**
- c) En todos os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.
- d) En todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno.

27. Por que tipo de maioría se aproban os ditámenes das Comisións Informativas?

- a) Por maioría absoluta.
- b) Por maioría simple.**
- c) Por maioría de dous terzos.
- d) Todas as respostas son correctas.

28. Segundo o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o persoal ao servizo das Administracións Públicas, en función da duración do contrato, clasifícase como:

- a) Fixo, por tempo indefinido ou temporal.**
- b) Por tempo indefinido ou temporal.
- c) Fixo ou temporal.
- d) Fixo, temporal e a tempo parcial.

29. Que é un periférico de saída?

- a) Permite ingresar información ao computador.
- b) Permite sacar información do computador.**
- c) Permite apagar o computador.
- d) Podo ver a información do computador.

30. Que recurso procede contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento?

- a) Recurso de alzada.
- b) Recurso extraordinario de revisión.
- c) Recurso de reposición, no prazo dun mes.
- d) Ningún recurso.**

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Ou endereito de correo electrónico é un dato persoal?

- a) Sempre é un dato persoal.
- b) Só se inclúe ou nome e apelidos.
- c) Non é un dato persoal.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

2. O perfil de animador sociocultural ten que poseer as seguintes aptitudes e capacidades:

- a) Boa comunicación, empatía, dinamismo, extroversión.
- b) Iniciativa, habilidades interpersonais, creatividade.
- c) Capacidade de planificación e organización, de traballo en equipo e de traballar coas persoas atendendo aos seus intereses e necesidades.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

3. O animador sociocultural é:

- a) Unha persoa capaz de estimular a participación activa da xente e de insuflar un maior dinamismo sociocultural tanto no individual como no colectivo.
- b) Un axente que intervéñ no proceso de animación que pon en marcha, facilita e da continuidade ao desenvolvemento dos procesos de animación.
- c) Un axente de cambio social que realiza unha labor técnica baseada na relación persoal cos destinatarios e que traballa dinamizando a súa contorna.
- d) As tres definicións son correctas

4. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos seguintes casos:

- a) Os que lesionen dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional e os dictados polo órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- b) Os que teñan un contido imposible, os que sexan constitutivos de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta e os dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- c) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición e calquera outro que se estableza expresamente na disposición con rango de Lei.
- d) Todos as respostas son correctas.

5. En qué artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas se enumeran os actos administrativos que deban ser motivados?

- a) No artigo 39
- b) No artigo 51
- c) No artigo 35
- d) Ningunha das anteriores é correcta

